



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

09 ABR. 2024 19:03:43

Entrada **20204**

Sobre os retrasos producidos despois do cambio de horarios de trens na Galiza

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas aos retrasos despois do cambio de horarios de trens na Galiza.**

No primeiro día despois da reorganización dos servizos ferroviarios entre Madrid e Galiza debido ás obras de ampliación da estación Chamartín – Clara Campoamor, unha grande parte dos trens que circulaban polo territorio galego sufriron importantes retrasos de até unha hora.

Afectaron especialmente aos Alvia que chegaban a Ourense, pero os retrasos tamén se estenderon a outras liñas galegas como a que vai ao Carballiño.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. A que se deberon os retrasos de até unha hora que se produciron onte nos servizos ferroviarios da Galiza despois do cambio de horarios?
2. Que medidas ten previsto adoptar o Goberno, e nomeadamente Renfe e Adif, para asegurar que non se producen novos retrasos?
3. Analizou as consecuencias que nalgúns casos teñen os cambios de horarios nas liñas internas de conexión entre cidades galegas?



4. Revisará os cambios propostos para asegurar que se minimizan os prexuízos ás persoas viaxeiras e se garante que o tráfico ferroviario dá servizo adecuado aos desprazamentos internos?

Madrid, a 9 de abril de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a los retrasos después del cambio de horarios de trenes en Galiza.**

En el primer día después de la reorganización de los servicios ferroviarios entre Madrid y Galiza debido a las obras de ampliación de la estación Chamartín – Clara Campoamor, una gran parte de los trenes que circulaban por el territorio gallego sufrieron importantes retrasos de hasta una hora.

Afectaron especialmente a los Alvia que llegaban a Ourense, pero los retrasos también se extendieron a otras líneas gallegas como la que va a O Carballiño.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿A qué se debieron los retrasos de hasta una hora que se produjeron ayer en los servicios ferroviarios de Galiza después del cambio de horarios?
2. ¿Qué medidas ha previsto adoptar el Gobierno, y concretamente Renfe y Adif, para asegurar que no se producen nuevos retrasos?
3. ¿Analizó las consecuencias que en algunos casos tienen los cambios de horarios en las líneas internas de conexión entre ciudades gallegas?



4. ¿Revisará los cambios propuestos para asegurar que se minimizan los perjuicios a las personas viajeras y se garantiza que el tráfico ferroviario da servicio adecuado a los desplazamientos internos?

Madrid, a 9 de abril de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso